

3. MESA 1 GAYOSO E NIEVES.

GAYOSO: “Camino de Madrid” do primeiro disco dun novo talento, cantante e compositor, Pedro Javier Herмосilla!!

NIEVES: Así comezámo-lo derradeiro Luar de novembro, un Luar a iso que chamamos “comunicar”..

GAYOSO: ¿Como se comunican os xordos? ¿Os cegos? ¿Que é o morse?

NIEVES: ¿Sabemos interpreta-lo que di unha campá, o movemento dun abanico, para que se empregan as pombas mensaxeiras?

GAYOSO: Hoxe poden estar seguros de que non se van deitar sen aprender unha ou moitas cousas máis.

NIEVES: Con quen nos entendemos os galegos moi ben é cos nosos curmáns do Bierzo. Desde Fuentesnuevas, preto da súa capital, Ponferrada, chega a **BANDA DE GAITAS FUENTESNUEVAS....**

5. SET 2 MARÍA BLANCO. ENTRA GAYOSO *Colas VCR1 VCR2*
Fondo musical

MARÍA: No século XIII a basílica de Santiago en Compostela recibe centos e centos de peregrinos que se achegan ata aquí na busca da bendición do Apóstolo. Polo camiño atopamos xentes da máis diferente condición: príncipes, nobres que loitan contra os infieis, simples campesiños, artesáns e, como non, frades e monxes. Entre estes últimos chegou Francisco de Asís...

(**COLAS FRANCISCO DE ASÍS** 00:35:08-00:36:00)

...quen, coa axuda da Fe e dun rapaz que vive entre leñadores , decide ergue-lo primeiro convento franciscano nos arredores de Compostela. Esta fermosa historia recóllese na película "COTOLAY" dirixida no 1965 por J.A. Nieves Conde en terras de Compostela, Lugo, Ribadavia, Pontevedra e outros lugares de Galicia.

GAYOSO: Cotolay , curioso título...

MARÍA: É que así se chamaba o rapaz amigo de Francisco de Asís . Que non era un rapaz calquera , xa que contaba cun inxenio nada habitual.

VCR COTOLAY, FRADES E LEÑADORES 00:20:45-00:21:10

GAYOSO:¡Que espelido o rapaz...!

MARÍA: Unha presenza destacada nesta película é a do actor galego XAN DAS BOLAS quen se convertiu a través dos seus personaxes no prototipo de galego universal. Humilde, bonachón e cun falar de marcado acento. Na película COTOLAY dá vida a un monxe que protagoniza unha curiosa escena co rapaz protagonista . Con el os deixamos .

VCR XAN DAS BOLAS 00:59:30-01:01:30

GAYOSO: Gracias a María Blanco, a faciana da Historia do cine feito en Galicia, por lembrarnos esta película. E na historia da música en España xa figura, por méritos propios, o seguinte artista. Desde aquel cuarto posto no ano 91 en Eurovisión, coa canción “Bailar Pegados”, leva xa nove discos que sempre son primeiros nas listas de vendas. **SERGIO DALMA**

9. SET 2 GAYOSO, NIEVES E PACHECO.

NIEVES: Outra linguaxe universal é o sorriso...

GAYOSO: esa linguaxe dominámola en Luar. Hoxe, da man do campión da segunda edición do Ring de Rir. **PACHECO**

PACHECO CONTA UN OU MÁIS CONTOS

GAYOSO: Á volta da publicidade máis humor, con Pacheco e, como non, os Tonechos. Máis linguaxes curiosas e moitos cartos no teléfono...

.... OU PASO A MODA

GAYOSO: A roupa tamén é unha forma de comunicación. Como vestimos di moito de nós.

NIEVES: ¿Saben xa o que van poñer nestas festas? Pois tomen nota das ideas que nos trae **EL CORTE INGLÉS**. Moda galega. A de muller dos deseñadores Purificación García, Kina Fernández e Roberto Verino e suxerencias para home de Caramelo, Adolfo Domínguez e Roberto Verino.

14. SET 2 GAYOSO, NIEVES E RAMÓN FREIRE (morse e bandeiras)

GAYOSO (con aparato de morse): Ramón, esta “chicharra” lémbra-nos a esas películas onde se pedía auxilio, ó afundimento do Titanic... ¿Como funciona este aparello?

RAMÓN EXPLICA

NIEVES: Vostede dá clase na Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas da Universidade da Coruña. Aínda hoxe os futuros oficiais teñen que aprender morse...

RAMÓN: *Sí aínda que oficialmente extinguiuse, pero aínda se emprega. Apréndolles cunha bombilla para apreciar mellor a técnica.*

GAYOSO: E nunca está de máis saber dicir S.O.S. cunha lanterna, ou petando nunha parede... Hai moitas historias de rescates nas que este xesto salvou vidas. ¿Como sería, Ramón?

RAMÓN FAI S.O.S. CON LINTERNA E PETANDO

NIEVES: No mar tamén se emprega unha linguaxe internacional que é a das bandeiras. Amósenolas, Ramón

RAMÓN AMOSA BANDEIRAS E COMENTA

GAYOSO: ¿En que situacións reais vemos emprega-las bandeiras?

RAMÓN CONTA CASO “AURORA”, petroleiros, buzo na auga, etc

NIEVES: E vostede, na súa andaina polos mares, tamén as tivo que empregar...

RAMÓN CONTESTA

GAYOSO: Moitas gracias, Ramón, e á Escola de Náutica e Máquinas da universidade da Coruña por cedernos estes aparellos. Tempo para a música dun barcelonés que quedou sexto na segunda edición de OT e que nos trae un disco case todo composto por el mesmo. **JOAN TENA**

16. SET 2 GAYOSO, NIEVES E ROSA M^a LOURO (traductora)
(efecto luces)

ENCÉNDENSE E APÁGANSE VARIAS VECES A LUCES DA SALA

GAYOSO: ¿Qué pasa?

ROSA: Este é o xeito das persoas xordas de chama-la atención. Eles non falan –non poden porque nunca se escoitaron- así que recurren a outros sistemas para facerse entender.

GAYOSO: Rosa M^a Louro, intérprete da linguaxe de signos, moitas gracias pola aclaración e benvida...

NIEVES: ¿De onde ven a linguaxe de signos?

ROSA EXPLICA (Na orixe non era para os xordos) *A lingua de signos é posiblemente a forma de comunicación máis antiga de Humanidade. Existe información do seu uso na Grecia e Roma clásicas. En España hai constancia no seu uso na Idade Media, en concreto durante as horas de silencio das comunidades monásticas. No século XVI algún deses monxes empregaba esa linguaxe para deixar de ser mudos e outros, coma o beneditino Pedro Ponce de León, educou con eles a xóvenes xordos.*

GAYOSO: ¿Como sería unha conversa telefónica cunha persoa xorda?

ESCENIFICACIÓN (*Rapaz xordo fai signos. Rosa interpreta. Chaman por tfno a Gayoso. Conversa*)

NIEVES: Teño entendido tamén que unha das cousas que máis pode molestar a unha persoa xorda é que lle toquen as mans...

ROSA. CONTESTA (*é como a nós que nos tapen a boca*)

GAYOSO: Gracias, Rosa, despois explicaremos unha cousa moi curiosa da linguaxe de signos. Por certo, ¿cómo pode aprender a bailar un xordo?

..... **CONTESTA**

GAYOSO: e pode facelo tan ben coma os seguintes artistas. Son xordos.
AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA SILANDEIROS, da Coruña

**18. MESA 1 GAYOSO. *Fanfarría Anselmo*. ENTRA ANSELMO (*pipa*).
*Printer enderezos. VCR festas***

GAYOSO: Xa ven que as minusvalías non son problema cando se trata da linguaxe universal da música e o baile. Son as...

FANFARRIA ANSELMO

ANSELMO: Que hai, Gayoso. Para formas de comunicación, ésta. ***FAI SINAIS DE FUME CON PIPA*** ¿que che estou a dicir, Gayoso?

GAYOSO: Eu que sei... o que a ti che pareza...

ANSELMO EXPLICA

GAYOSO: Para comunicación as cartas, Anselmo. ¿Cal é a carta da semana?

ANSELMO FALA DA CARTA DA SEMANA

GAYOSO: Eu teño que mandar un SAÚDO, antes de ve-la festas da fin de semana, ós centros sociais de Verín e Xinzo, que visitaron a TVG esta semana, e ANUNCIAR un acto o próximo domingo, ás 19:30 no Teatro Principal de Ourense: a asociación “Queixumes dos Pinos” celebra o seu décimo aniversario cun espectáculo que conxuga etnografía e folclore chamado: “Século XX”. Non o perdan. ¿Que, Anselmo? ¿Imos coas festas?

ANSELMO: Ímolas ver neste vídeo.

VCR FESTAS

GAYOSO: Toda unha festa é a muller que vén a continuación. **REGINA DOS SANTOS.**

21. MESA 1 GAYOSO, NIEVES E MANUEL REY E XOSÉ MANUEL COTO (pombas mensaxeiras)

GAYO E NIEVES CON POMBAS NOS BRAZOS

GAYO: Unha pomba mensaxeira. Funcionaria do ministerio de Defensa, ¿non?

XOSE MANUEL CONTESTA (*iso vai en declive, aínda que se empregaron na guerra de Bosnia. Quedan 3 pombais militares en España*)

NIEVES: Xosé Manuel é xuíz nacional de campionatos de pombas mensaxeiras, ¿como se educa unha pomba mensaxeira?

XOSE MANUEL AMOSA POMBAS E CONTESTA

NIEVES: ¿Canto pode chegar a valer unha pomba?

XOSÉ MANUEL CONTESTA (*2-3 millóns, pero ata 60 millóns*)

GAYOSO: ¿Como se orientan?

XOSÉ MANUEL CONTESTA (*polo sol, mellor polo día, e o olfato*)

NIEVES: O ano que vén vaise celebrar por primeira vez en Galicia un Mundial de pombas mensaxeiras. **MANUEL REY**, da federación galega de colombofilia, ¿en que consiste un mundial de pombas mensaxeiras?

MANUEL CONTESTA (*chegan 1000 pombiños de 60 países en abril a Stgo e afanse ó pombal. Soltaránse desde Ávila (400 kms) o 21 de agosto. Gaña a 1ª que chegue*)

GAYOSO: Será un éxito, seguro, ese campionato mundial. Imos a publicidade e á volta, o Vai de Baile, os Tonechos, e máis sorpresas. ¿Como falan os abanicos? ¿Cómo calceta unha persoa cega? De seguido volvemos

... OU VAI DE BAILE

26. SET 2 GAYOSO E COMPARSA. (Tfno Luar) CHAMA A CHISQUIETOS DE LARACHA. Lufada. COLAS. CHAMA A. Lufada. COLAS. (Cartón Fotos + Fondo musical) DINÁMICA HABITUAL

GAYOSO: Atención. Hai un millón das antigas pesetas en xogo para a parella gañadora deste concurso, e medio millón para a segunda. A tódalas parellas de baile tradicional de Galicia, **chamade a este número** para optar a ese premio. Non é necesario pertencer a unha agrupación folclórica nin ter traxe. Simplemente querer bailar

GAYOSO CHAMA A CHISQUIETOS DA LARACHA. COLAS

GAYOSO: Entran no concurso Miriam e Pablo. Parella sentimental. Chisquieto é un xogo infantil que facían de pequenos. Miriam dá pasantías a domicilio e Pablo é fanático do cine e os videoxogos, por iso o vemos nun ciber. En realidade son da Coruña pero teñen moita vinculación coa Laracha

GAYOSO CHAMA A TROULAS DE XENEBRA. COLAS

GAYOSO: Que entre a parella gañadora da semana pasada. Atención ó seu nome, os “Troulas” de Xenebra. Irene e Xurxo, fillos de emigrantes en Suiza. Coñecéronse en clase de baile galego alí e namoraron. Agora pensan establecerse definitivamente en Estramil, A Laracha, onde van facer unha casa. ¡E ela naceu nun avión!

E apunten xa, señoras e señores, os teléfonos para votar polas parellas de hoxe: **(CARTÓN FOTOS + TFNOS)**

CHISQUIETOS DA LARACHA	902 51 51 11
TROULAS DE XENEBRA	902 51 51 12

DINÁMICA HABITUAL

**31. SET 2 GAYOSO. *Cartón fotos + fondo musical.* BAIXA GAYOSO
MESA 1 NIEVES e DOUS FIGURANTES. (*Abanicos*) *Efectos son***

GAYOSO: Lembrámo-los teléfonos para votar polas parellas do Vai de Baile:

CHISQUIETOS DA LARACHA	902 51 51 11
TROULAS DE XENEBRA	902 51 51 12

NIEVES: Atención agora a esta conversa que van manter *fulano* e *fulana* con abanicos. Supoñamos que están nun lugar público e comunícanse deste xeito. Gayoso e eu traducimos

(*Fondo musical*) (ELES EN PLANO E OFF DE GAYO E NIEVES)

- H: Quero falar contigo (*toca co dedo a parte alta do abanico pechado*)
- M: Coidado que nos están mirando (*dar voltas ó abanico pechado coa man esquerda*)
- H: Quérote (*esconde-los ollos tra-lo abanico aberto*)
- M: Non sexas tan imprudente (*facer movementos ameazantes co abano pechado*)
- H: E ti non sexas cruel (*abrir e pecha-lo abanico varias veces*)
- M : Estou comprometida (*abanícase rápidamente*)
- H: Vale, pois seremos amigos (*baixa o abanico*)

GAYOSO: ¡Cantas cousas se poden dicir cun simple abano, hai que ver!

NIEVES: O ser humano trata de comunicarse como sexa, e así naceu este código. A forma de comunicarse da seguinte artista é a composición. Desde a Academia de Artistas, **VEGA.**

**36. TONECHOS 1: GAYOSO SOBE A ESCENARIO. POLO FONDO
TONECHO. POLO FONDO TUCHO. POLO FONDO MARIBEL**

37. SET 2 GAYOSO, NIEVES E RAMÓN MONTERO (campaneiro)

GAYOSO: Ocorreseme, despois de ver esta aparición dos Tonechos, preguntarlle a Ramón Montero, membro dunha saga de campaneiros de Bastavales, como se toca a Defuntos...

O CAMPANEIRO TOCA A DEFUNTOS

NIEVES: As campás “falan” en Galicia. Anuncian un enterro, coma neste caso, ou un lume. ¿Como sería o toque de lume?

O CAMPANEIRO TOCA A LUME

GAYOSO: Ademais hai varios toques que se fan tódolos días, ¿cales son?

O CAMPANEIRO FAI (*toque de mediodía: deixar de traballar para ir comer; toque da noitiña: deixar de traballar para ir durmir*)

NIEVES: A estes toques engádeselle un repenique cando é véspera de festivo...

CAMPANEIRO FAI REPENIQUE

GAYOSO: E os domingos, toque de misa

CAMPANEIRO TOCA A MISA

NIEVES: Por tocar, ata se pode tocar unha muiñeira coas campás. ¿Que tal se o fai coa nosa charanga?

CAMPANEIRO E CHARANGA

GAYOSO: Moitas gracias, Ramón. Se seguimos con cousas tradicionais, imos de verbena, coa música da **ORQUESTRA FORTALEZA**

39. SET 2 GAYOSO, NIEVES E LOLITA COUCEIRO (cega)

GAYOSO: Unha das linguaxes que todos sabemos que existe, pero poucos coñecemos é o braille

NIEVES: Unha linguaxe universal, ó contrario que a de signos, inventada por Louis Braille no 1829, tras quedar cego ós 3 anos de idade. As letras braille son sinxelas –**AMOSA CARTEL**- recoñécense polo número e a posición dos puntos nun cadro de dous por tres.

GAYOSO: Lolita Couceiro, vostede perdeu a vista completamente ós 16 anos. ¿Custa moito aprender esta linguaxe?

LOLITA CONTESTA

NIEVES: Cada vez hai máis obxectos de uso cotián que podemos ler tanto os que vemos, coma os invidentes. Amósanos, Lolita

LOLITA AMOSA CARTA RESTAURANTE, MEDICINAS

GAYOSO: E no Corte Inglés véndese a primeira lavadora rotulada en braille. ¿Como lavámo-la roupa, Lolita?

LOLITA EXPLICA LAVADORA

NIEVES: Vostede cociña, le... ¡e ata calceta con las de cores! ¿como fai para recoñecelas?

LOLITA EXPLICA E AMOSA LABOR DE CALCETA (*trae calceta e pauta para escribir en braille*)

GAYOSO: Xa ven que é posible levar unha vida normal aínda que non se vexa. Para ti, Lolita, e para os cegos que nos están a “ver”-ó seu xeito-, unha actuación magnífica, coma sempre, a parella de “Luar” por excelencia,
LUCÍA E CHRISTIAN: “**Raiando o sol**”, un tema de Maná

43. MESA 1 GAYOSO. Fanfarria Socorruto. ENTRA SOCORRITO. VCRs

GAYOSO: Fermosa canción de Lucía e Christian sobre o escenario...

FANFARRIA SOCORRITO

SOCO: (*fai xesto da tixeira*): Leva toda a noite dando leccións sobre formas de comunicarse, rubito, e fáltalle a máis importante. ¿Que significa isto?

GAYOSO: Vindo de vostede calquera sabe

SOCO: Que corte o rolo, rubito. Este xesto que lle adoita facer o rexedor, ese gran descoñecido para vostede. (*Ó público*) Un home ou muller que lle fai sinais ó presentador desde atrás das cámaras e que *éste* ignora vilmente.

GAYOSO: Vai falar da linguaxe da televisión...

SOCORRITO: Si, atenda. Para indicar ó presentador que pase a outra cousa, o rexedor fai este xesto (*tixeiras*) que no caso de Gayoso amplíase a (*tempo morto*) ou (*corta-lo pescozo*)... Ós que xa non ven ben de lonxe hailles que poñe-lo encerado (*saca pizarra e escribe en grande "cale"*). E se anda duro de oído o presentador leva isto (*sácalle o pinganillo da orella e limpao*): o pinganillo, por onde lle dan ordes. (*dalle a volta a Gayoso e sácalle a petaca*) Aquí ten as pilas que neste caso son das que "*duran, e duran...*"

GAYOSO: A miña paciencia é a que dura e dura...

SOCORRITO: Hoxe fago unha homenaxe ós sufridos rexedores de Luar. Que non só teñen que estar pendentes de Gayoso. Pauli, *cinco e dentro*

VCR PABLO ACENDE MICRO A CANTANTE

SOCORRITO: Aquí tiña ó rexedor acendéndolle o micrófono a un cantante que estaba a piques de empezar a xurar en arameo...

GAYOSO: Ese rexedor é Pablo, que por aí detrás andará preparando o escenario para que saian os artistas...

SOCORRITO: Ben o coñece vostede, que un día deixouno presentar a el e case lle quita o posto. *Dentro video, Pauli*

VCR PABLO PRESENTANDO

SOCO: E vou parar porque xa se sabe que *na televisión o tempo é moi importante* e teño *material* como para *encher varios microespacios* máis. Non sen antes lembrarlles que quedan 33 días para o Xacobeo. *Moitas gracias a todos. Abur, boneco*

GAYOSO: Pois vexo que Pablo xa ten todo listo para que actúe unha cantante que é toda unha estrela no país veciño. Sempre actúa cun intérprete da linguaxe de signos no escenario, e así interpretou o tema principal do “Gran Hermano III” en Portugal, ademais de aprendérllle a lingua ós concursantes. **PAULA TEIXEIRA**

45. GAYOSO LEVA A PAULA E INTÉRPRETE A SET 2 ONDE ESTÁN NIEVES E INTÉRPRETES DE GALEGO E CASTELÁN

GAYOSO: Paula Teixeira, unha rapaza sensibilizada coas persoas xordas e que ten feito moitas cousas para elas. Permíteme á túa intérprete porque imos facer unha cousa moi interesante.

NIEVES: Comentábanos Rosa que a linguaxe de signos non é unha linguaxe universal, é dicir, que é diferente a linguaxe de xordos portuguesa e a española, mesmo a galega... ¿Por que é iso así, ...?

ROSA CONTESTA

GAYOSO: Mellor ímolo ver. ¿Cómo se diría na linguaxe de xordos:

- nenos, niños, crianças
- (buscar palabras e facer unha frase)*
-

GAYOSO: Imos aproveitar que estades as tres para face-la presentación máis internacional que endexamais lle fixeron a un tema de Sergio Dalma. Vai cantar “YA LO VERÁS”, que se diría así (AS INTÉRPRETES FANNO). **SERGIO DALMA**

48. SET 2 GAYOSO, NIEVES E PACHECO

GAYOSO: Segunda intervención de Pacheco...

NIEVES: Humor para todos, os que oen e os que non... (A VER SE FAI UN CHISTE XESTUAL PERO NON O DO PAXARO...)

PACHECO CONTA CONTOS

GAYOSO: Gracias Pacheco. Despois dos anuncios, 4000 euros na chamada telefónica.

**56. REGINA DOS SANTOS BAIXA A MESA 1 ONDE ESTÁ
GAYOSO. TELÉFONO (4000 €). Fondo musical. Lufada.**

GAYOSO: Regina dos Santos, coma se estiveras na túa casa. Acompañame porque é-la madriña ideal para regalar 4000 euros, 665.544 pesetas.

Pregunta:

Resposta:

**58. SET 2 NIEVES (gañador 600€). MESA 1 GAYOSO CON
PARELLAS DE BAILE. Cartón resultados + fanfarria**

NIEVES: Chega o momento de saber quen é o gañador desta semana do Vai de Baile. Polo de agora, a persoa que leva 600 euros por ter apoiado a unha das parellas é ... **GAÑADOR 600 €**

GAYOSO: Emoción. ¿Volverán a semana que ven Troulas de Xenebra ou os Chisquitos da Laracha?

CARTÓN RESULTADOS

59. VCR TONECHOS II

60. MESA 1 GAYOSO E NIEVES

GAYOSO: ¿que pasará con Amadora? Miña nai, como para perderse os Tonechos a semana que ven...

NIEVES: Será mellor relaxarse con música. A de **SERGIO DALMA**

63. SOBEN GAYOSO E NIEVES. SAEN ARTISTAS APAGÁMO-LO CANDIL